



Concello de Vilalba

ACORDO REGULADOR PREZO PÚBLICO SERVIZO MADRUGADORES

Artigo 1. Natureza, obxecto e fundamento.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19, en relación co artigo 20 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, este Concello establece o prezo público pola prestación do servizo Madrugadores.

Artigo 2. Obrigados ao pago.

Tendo en conta que as/os usuarias/os do servizo Madrugadores son menores de idade e que, polo tanto, non teñen capacidade de obrar, actuarán no seu nome, cos efectos previstos na Lei Xeral Tributaria, seus pais, nais, titores/as ou representantes legais.

Artigo 3. Tarifas.

As tarifas a abonar polos/as usuarios/as do servizo son as que se contemplan no seguinte cadro:

CONCEPTO	CONTÍA A PAGAR
Servizo Madrugadores mes	40,00€
Servizo Madrugadores por día solto	6,00€

Artigo 4. Procedemento de pago.

Os prezos regulados devindicaranse no momento en que se inicie a prestación do servizo e farase con carácter mensual, mediante domiciliación bancaria que será xirada nos dez primeiros días do mes seguinte.

A falta de pagamento de dúas cotas mensuais consecutivas ou tres alternas determinará a interrupción do servizo, o que será notificado ao pai/nai titor/a concedendo 10 días hábiles para a liquidación da débeda pendente.

De non facerse suporá a perda da praza no servizo.

Concello de Vilalba



Concello de Vilalba

As débedas contraídas esixiranse polo procedemento administrativo de constrinximento, de acordo co previsto na Lei Xeral Tributaria e demais normativa de aplicación.

Cando o servizo público non se preste polo Concello, non procederá a liquidación polos días correspondentes prorateando polos días lectivos do mes correspondente.

Para o caso da prestación do servizo por días soltos, xirarase o recibo correspondente nos dez primeiros días do mes seguinte polos días solicitados de asistencia ó servizo.

Artigo 5. Infraccións e sancións.

No relativo a infraccións tributarias desta ordenanza, será de aplicación a Lei xeral tributaria e a restante normativa de aplicación.

Artigo 6. Entrada en vigor.

Este Acordo e tarifas que prevé entrarán en vigor ó día seguinte da súa publicación no BOP.